| Código | Denominación | Criterios específicos de selección |
|---|---|---|
| FC08052 | Riscos ante fenómenos meteorolóxicos adversos | Por orde de prioridade: persoal da Dirección Xeral de Protección Civil, do Servizo de Protección Civil das delegacións provincial, do resto da Xunta de Galicia. |
| FC08122 | Políticas europeas | Atenderase en todo caso aos criterios selectivos sinalados con carácter xeral na resolución da EGAP e priorizaranse os solicitantes destinados en unidades directamente relacionadas co contido do curso, situación que se deberá acreditar mediante certificación do responsable de persoal do departamento da Xunta ou delegación provincial correspondente. |
| FC08003 | XUMCO2. Elaboración de orzamentos | Ser usuario do Sistema de Información Contable Xumco2 con perfil de orzamentos. |
| FC08005 | XUMCO2. Xestión de fondos europeos | Ser usuario do Sistema de Información Contable Xumco2 con perfil de xestión de Fondos Europeos. |
| FC08012 | Prevención da fraude fiscal | Relación co posto de traballo certificado polo responsable de persoal. |
| FC08143 | O coidado do alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento no contorno educativo | Por orde de importancia: 1. Ten preferencia o persoal fixo sobre o temporal. 2. Antigüidade na Administración. En calquera caso, sempre deberán quedar cubertas as necesidades do servizo público. |
| FC08137 | O coidado do alumnado con necesidades derivadas de deficiencias sensoriais | Por orde de importancia: 1. Terá preferencia o persoal fixo sobre o temporal. 2. Antigüidade na Administración. En calquera caso, sempre deberán quedar cubertas as necesidades do servizo público. |
| FC08021 | MDT V4 Camiños agrarios | 1º Técnicos do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Delegación de Ourense. 2º Outros técnicos da Delegación do Medio Rural en Ourense. 3º Técnicos doutras delegacións da Xunta en Ourense. Todos deben acreditar uso, no nivel de usuario, de AUTOCAD. |
| FC08044 | Lexislación alimentaria | Relación do posto de traballo cos contidos do curso. Supletoriamente os criterios xerais da EGAP. |
| FC08051 | Actualización da actividade inspectora en materia de medicamentos e calidade do leite | -Veterinarios da Consellería do Medio Rural, funcionarios, interinos e laborais ou que presten servizos para a consellería. - A realización de labores de coordinación e/ou inspección na materia obxecto do curso. - O menor número de cursos organizados pola Dirección Xeral de Gandaría. - A condición de funcionario sobre a de interino e deste sobre a laboral. - Nos casos de empate, resolverá o xefe provincial de Gandaría, de acordo coa dedicación do aspirante á materia obxecto do curso. |
| FC08158 | Achegamento ás agrupacións de defensa sanitaria (ADSG) | - Veterinarios da Consellería do Medio Rural, funcionarios ou interinos ou laborais, ou que presten servizos para a consellería. - A realización de labores de coordinación e/ou inspección na materia obxecto do curso. - O menor número de cursos organizados pola Dirección Xeral de Gandaría - A condición de funcionario sobre a de interino e deste sobre laboral - Nos casos de empate, resolverá o xefe provincial de Gandaría, de acordo coa dedicación do aspirante á materia obxecto do curso. |
| FC08152 | Calibración instrumental e cálculo da incertidume de medidas e ensaios | Preferencia para os usuarios de instrumental de calquera tipo e para todos os responsables técnicos. |
| FC08153 | Cromatografía líquida de alta resolución, HPLC, acoplada a espectrometría de masas LC-MS | Preferencias para os usuarios de cromatografía líquida. |
| FC08154 | Cromatografía de gases | Preferencia para os usuarios de cromatografía de gases. |
| FC08133 | Actualización de inspección pesqueira | Terá preferencia o persoal operativo do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación con outro tipo de persoal, sendo a antigüidade na Administración o criterio preferencial que se vai seguir. De producirse empate empregaranse, de forma subsidiaria, os criterios establecidos pola EGAP. |
| FC08160 | Implantación dos recursos informáticos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | Persoal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Criterios xerais da EGAP. |
| FC08124 | Intervención administrativa en materia ambiental | Persoal da CMADS en postos de traballo vinculados ao contido do curso e por antigüidade. |
| FC08131 | Manexo e primeiros auxilios de fauna | Terá preferencia o persoal que pertence aos centros de recuperación de fauna salvaxe da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e que non o realizase ata agora. |
| FC08129 | Tecnoloxías no tratamento de augas residuais industriais | Terá preferencia o persoal técnico da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, vinculado ao contido do curso. |

# IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 10 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais dos aspirantes admitidos ao procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades, convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia *do 16 de abril).*

Aprobada por Resolución do 9 de xuño de 2008 a listaxe definitiva de admitidos e excluídos ao procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades, convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril), procede determinar os aspirantes que deberán actuar ante cada tribunal.

Na súa virtude, esta secretaría xeral

*RESOLVE:*

Asignarlles, aos tribunais que xulgarán o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres así como para a adquisición de novas especialidades, os aspirantes segundo se especifica no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

*ANEXO*

-Especialidade: educación infantil.

Tribunal nº 1.-Todos os opositores matriculados pola quenda de discapacitados nesta especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do 17 ao 109 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

Tribunal nº 2.-Do 110 ao 249 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 3.-Do 250 ao 388 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 4.-Do 389 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Estes catro tribunais actuarán na Coruña).

Tribunal nº 5.-Do 3 ao 114 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

Tribunal nº 6.-Do 115 ao 228 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

Tribunal nº 7.-Do 229 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Estes tres tribunais actuarán en Lugo).

Tribunal nº 8.-Do 4 ao 126 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

Tribunal nº 9.-Do 127 ao 253 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

Tribunal nº 10.-Do 254 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Estes tres tribunais actuarán en Ourense).

Tribunal nº 11.-Do 8 ao 126 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 12.-Do 127 ao 253 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 13.-Do 254 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Estes tres tribunais actuarán en Pontevedra).

Tribunal nº 14.-Do 9 ao 142 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 15.-Do 143 ao 275 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 16.-Do 276 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes tres tribunais actuarán en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 17.-Do 9 ao 117 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

Tribunal nº 18.-Do 118 ao 234 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

Tribunal nº 19.-Do 235 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Estes tres tribunais actuarán en Vigo).

-Especialidade: idioma estranxeiro: inglés.

Tribunal nº 1.-Todos os opositores matriculados en idioma estranxeiro: inglés pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña, e do 2 ao 20 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo e do 1 ao 25 dos opositores matriculados nesta especialidade pola quenda libre en Vigo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 4.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra e do 26 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 5.-Do 21 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Especialidade: educación física.

Tribunal nº 1.-Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do 1 ao 135 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense e do 136 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Este tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 4.-Do 1 ao 88 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 5.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 6.-Do 89 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Vigo).

-Especialidade: música.

Tribunal nº 1.-Todos os opositores matriculados en música pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña e do 4 ao 40 dos matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 4.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 5.- Do 41 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 6.- Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Vigo).

Especialidade: educación especial-pedagoxía terapéutica.

Tribunal nº 1.- Todos os opositores matriculados en educación especial-pedagoxía terapéutica pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e do 16 ao 83 dos matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2.- Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo. (Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3.-Do 6 ao 130 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 4.-Do 131 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense e todos os matriculados nesta especialidade pola quenda libre en Pontevedra.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 5.-Do 84 ao remate dos opositores matriculados na Coruña pola quenda libre nesta especialidade e do 6 ao 60 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 6.-Do 61 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes dous tribunais actuarán en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 7.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Vigo).

-Especialidade: educación especial-audición e linguaxe.

Tribunal nº 1.-Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade pola quenda de adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do 9 ao 86 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 4.-Do 87 ao remate dos opositores matriculados na Coruña pola quenda libre nesta especialidade e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 5.-Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra e Vigo.

(Este tribunal actuará en Vigo).

-Especialidade: educación primaria.

Tribunal nº 1.-Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade pola quenda de adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santia-

go de Compostela e Vigo e do 1 ao 113 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

Tribunal nº 2.-Do 114 ao remate dos opositores matriculados na Coruña pola quenda libre nesta especialidade e do 5 ao 47 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes dous tribunais actuarán na Coruña).

Tribunal nº 3.-Do 2 ao 95 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 4.-Do 5 ao 53 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense e do 96 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

Tribunal nº 5.-Do 54 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Estes dous tribunais actuarán en Ourense).

Tribunal nº 6.- Do 5 ao 118 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 7.-Do 119 ao remate dos opositores matriculados en Pontevedra pola quenda libre nesta especialidade e do 2 ao 54 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Estes dous tribunais actuarán en Pontevedra).

Tribunal nº 8.-Do 48 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 9.-Do 55 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Vigo).

*Resolución do 13 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para participar nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Transcorridos os prazos previstos na Resolución do 22 de maio de 2008 pola que se fixo pública a listaxe provisional de admitidos e excluídos nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades, polos funcionarios dos citados corpos na Comunidade Autónoma de Galicia convocados por Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 abril),

Esta secretaría xeral

*DISPÓN:*

Primeiro.-Facer pública a listaxe definitiva de admitidos aos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional coa indicación da modalidade de acceso pola que concorre cada aspirante e se están exentos da proba de coñecementos de lingua galega e lingua castelá nos anexos I, II, III e IV, desta resolución.

O significado dos códigos que figuran nos anexos é o seguinte:

E: cambio de especialidade.

D: reserva de discapacitados.

L: ingreso libre.

S: si exento.

N: non exento.

S: si solicitada a emisión de informe.

N: non solicitada a emisión de informe.

Segundo.-Declarar excluídos os aspirantes que figuran no anexo V desta resolución, polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria